



# Bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada

## METODOLOXÍA

---

### 1. Obxectivo

O principal obxectivo desta actividade estatística é proporcionar información sobre as bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que traballan e residen en Galicia. Por medio desta estatística caracterízase ás persoas que cotizan neste réxime, que supón a redor do 75% do Sistema da Seguridade Social, segundo as súas variables persoais (xénero, grupo de idade, nacionalidade e concello de residencia) e laborais (tipo de contrato, tipo de xornada, actividade económica e grupo de cotización) e calcúlase, para cada categoría, a base media mensual de cotización por persoa.

En moitas ocasións, a base de cotización coincide coa retribución mensual bruta da persoa e é o importe que se emprega no cálculo das cantidades que deben ingresar a empresa e o traballador ou a traballadora para ter dereito, no futuro, á percepción dunha prestación do Sistema da Seguridade Social (por exemplo, no momento da xubilación). Polo tanto, coñecer o seu valor, así como a súa evolución e distribución polo territorio, é vital para o estudo do mercado laboral de Galicia.

Na elaboración dos datos difundidos mediante esta estatística empréganse os ficheiros de bases de cotización no Réxime Xeral e de afiliacións á Seguridade Social, que recibe o Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE) da Tesourería Xeral da Seguridade Social (en adiante, TXSS) e Instituto Social da Mariña, en virtude do convenio de colaboración en materia estatística establecido entre estes tres organismos en abril/2021. Ademais, para determinar o concello de residencia da persoa afiliada, emprégase o Padrón Municipal Continuo de Habitantes, que elabora o Instituto Nacional de Estadística (en adiante, INE) e remite ao IGE, en virtude do Convenio sobre cooperación estatística e intercambio de información entre ambos os dous organismos, firmado en maio/2020.

## **2. Ámbitos de investigación**

### **Ámbito poboacional**

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas que cotizaron ao Réxime Xeral da Seguridade Social ao menos un día no mes de referencia, cuxa conta de cotización se atope inscrita nunha das catro provincias de Galicia e que, ademais, residan na Comunidade Autónoma. O criterio de residencia ven dado, á súa vez, polo Padrón Municipal de Habitantes do INE, ao igual que na operación estatística [2401-10-OE06 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.](#)

Non están incluídas no marco desta estatística as persoas que cotizan ao Réxime Especial de Artistas, a pesar de estar integrado dentro do Réxime Xeral, nin os Sistemas Especiais de Empregados e Empregadas do Fogar, Agrario conta allea nin o Convenio Especial de Coidadores non profesionais. Tampouco inclúe as bases de cotización durante os períodos nos que a persoa non se atopa en alta laboral, como é o caso das persoas perceptoras de prestacións por desemprego nin as persoas rexistradas no Sistema só a efectos de percibir asistencia sanitaria. Pola contra, as situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo ou durante a lactancia, si están incluídas no marco desta estatística ao non supor situacións de interrupción da obriga de cotizar da persoa nin interrupcións do vínculo laboral coa empresa.

Nesta estatística a unidade de estudo é a persoa cotizante, a diferenza do que acontece na estatística *2401-10-OE06 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada*, na que a unidade básica de análise é a afiliación. Dado que ao longo do mes de referencia a persoa pode transitar por distintos episodios de afiliación que dean lugar, á súa vez, a distintas cotizacións ao Sistema, a efectos desta estatística súmanse as bases de cotización da persoa ao longo de todo o mes, nos seus distintos vínculos laborais. A persoa cotizante forma parte do ámbito poboacional desta estatística, ademais, se a súa "afiliación principal" queda enmarcada dentro do territorio da Comunidade Autónoma galega (consultar sub-apartado seguinte).

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

As persoas clasifícanse segundo o seu concello de residencia. Para obter o valor deste, crúzase o ficheiro de bases de cotización do mes en estudo co ficheiro respectivo de

afiliacións á Seguridade Social e, a partir deste, obtense o concello de residencia do Padrón Municipal de Habitantes do INE<sup>1</sup>.

Ademais, no caso de que unha persoa cotice en dúas ou máis Comunidades Autónomas ao longo do mes en estudo, é preciso asignar a persoa a un deses espazos, xa que os datos de bases de cotización se agregan a nivel de persoa. Para elo, determínase cal é "afiliación principal" do cotizante (a de maior duración ou, en caso de empate neste criterio, a de maior base de cotización) e se esta se atopa inscrita nunha das catro provincias galegas, a persoa pasa a formar parte do ámbito poboacional en estudo no mes de referencia.

### **Ámbito temporal**

O ámbito temporal fai referencia a todo o mes en estudo, isto é, inclúe a todas as persoas cotizantes e as súas bases de cotización se traballaron ao menos un día no mes de referencia, a súa "afiliación principal" estaba inscrita nunha das provincias de Galicia e, ademais, a persoa reside na Comunidade Autónoma.

## **3. Definicións**

**Base de cotización:** a base de cotización para as diversas continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do Réxime Xeral da Seguridade Social está constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que con carácter mensual teña dereito a percibir a persoa traballadora ou asimilada, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea. As percepcións de vencemento superior ao mensual distribuiranse ao longo dos doce meses do ano.

Á súa vez, e a efectos desta estatística, considérase remuneración á totalidade das percepcións económicas, sexan en diñeiro ou en especie. A utilización, consumo ou entrega para fins particulares de bens, dereitos ou servizos de forma gratuíta ou con prezo inferior ao de mercado por parte da empresa, así como as entregas en metálico ao traballador ou traballadora para que adquira bens, dereitos ou servizos, trátanse como remuneración en especie.

---

<sup>1</sup> Para máis información sobre como se realiza a unión entre o ficheiro de afiliacións á Seguridade Social e o Padrón Municipal de Habitantes do INE, pode consultarse o proxecto técnico da operación estatística 2401-10-OE06 *Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada* en:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/24-106\\_AfiliacionsASeguridadeSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/24-106_AfiliacionsASeguridadeSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf)

Ademais, só se considera a base de cotización por continxencias comúns, non se considera a base de cotización por continxencias profesionais; en particular, nesta estatística inclúense unicamente as bases de cotización que figuren na liquidación L00 ("Liquidación Normal ou Ordinaria"), liquidación que están obrigadas a realizar as empresas a través do Sistema de Liquidación Directa (SLD) a favor dos seus traballadores e das súas traballadoras.

Así mesmo, hai que ter en conta que as bases de cotización ao Sistema da Seguridade Social non poden ser superiores ao límite máximo fixado para cada exercicio económico na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado. O dito límite máximo, que varía dun ano a outro, é único para todas as actividades, categorías profesionais e continxencias comprendidas no Réxime de que se trate (no caso que nos ocupa, o Réxime Xeral) no exercicio en cuestión; estes límites serán de aplicación calquera que sexa o número de horas traballadas, incluídos os supostos de pluriemprego (isto é, no caso de que a persoa preste os seus servizos profesionais a dúas ou máis entidades empregadoras, dentro do mesmo réxime), pero non os de pluriactividade (isto é, no caso de que a persoa figure afiliada en dous ou máis réximes da Seguridade Social)<sup>2</sup>. Ademais, nalgúns réximes, como é o caso do Réxime Xeral, tamén se fixan uns límites mínimos de cotización, en función do grupo de cotización da persoa. Os límites mínimos e máximos de cotización para os anos 2022 e 2023 poden consultarse nas seguintes ligazóns:

- Orde PCM/244/2022, do 30 de marzo, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2022: <https://www.boe.es/eli/es/o/2022/03/30/pcm244>
- Orde PCM/74/2023, do 30 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2023: <https://www.boe.es/eli/es/o/2023/01/30/pcm74>

---

<sup>2</sup> Na seguinte ligazón pode consultarse máis información sobre como se determina a base de cotización nos distintos réximes da Seguridade Social: <https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/CotizacionRecaudacionTrabajadores/9896/11301?changelanguage=es>

**Afiliación á Seguridade Social en alta laboral:** a afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador ou da traballadora e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que se poidan producir con posterioridade. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral (alta inicial) e a empresa o/a dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social (ou se dá de alta a si mesmo/a no caso do emprego autónomo). No caso de que cese a súa actividade, a afiliación será dada de baixa pero a persoa seguirá afiliada, neste caso en situación de baixa laboral. Cando retome a actividade, producirase unha nova alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, sen que a persoa teña que afiliarse de novo ao Sistema.

O número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar ao Sistema. É dicir, unha mesma persoa figura tantas veces como situacións de cotización distintas teña, xa sexa porque realiza varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios réximes.

A efectos desta estatística, vaise traballar co concepto de persoa cotizante, que se pode assimilar ao de persoa afiliada; polo tanto, cada persoa que figure no ámbito poboacional en estudo contabilizarase unha soa vez, sendo preciso determinar, no caso de cotizantes con máis dunha afiliación no mes de referencia, cal se vai considerar a "afiliación principal". Esta vai determinar, á súa vez, que a persoa forme parte ou non do ámbito poboacional da estatística (se cotiza en dúas ou máis Comunidades Autónomas, inclúense unicamente as persoas cuxa "afiliación principal" figura inscrita nunha provincia de Galicia), así como as características da relación laboral que se van asignar á persoa á hora de clasificala segundo o tipo de contrato, o tipo de xornada, a actividade económica e o grupo de cotización. Non obstante, á hora de calcular a base de cotización da persoa, sumaranse as bases de todas as súas afiliacións en alta no mes, non só a da "afiliación principal" (incluídas as cotizacións realizadas noutra Comunidade Autónoma).

**Afiliación principal:** trátase da afiliación que se vai empregar para asignar as características da relación laboral (tipo de contrato, tipo de xornada, actividade económica e grupo de cotización) á persoa cotizante. Para determinar cal é a afiliación principal, utilízanse os seguintes criterios:

- En primeiro lugar, a de maior duración no mes de referencia.

- No caso de empate en duración en dúas ou máis afiliacións, selecciónase aquela coa base de cotización de maior importe no mes de referencia.
- No caso de empate nos dous criterios anteriores, isto é, que a persoa conte con dúas ou máis afiliacións de igual duración e igual base de cotización no mes de referencia, selecciónase a afiliación na que o código de conta de cotización teña un valor numérico superior.

**Réxime Xeral<sup>3</sup>:** é o réxime que conta con maior número de persoas afiliadas dentro da estrutura do Sistema da Seguridade Social. Estarán incluídos no Réxime Xeral, entre outras, as seguintes categorías de traballadores e traballadoras:

- Os traballadores e as traballadoras españolas por conta allea da industria e dos servizos e asimilados a estes, que exerzan normalmente a súa actividade no territorio nacional.
- Os socios e socias traballadoras de sociedades laborais e de sociedades mercantís capitalistas.
- Os traballadores e as traballadoras españolas non residentes en territorio nacional ao servizo da Administración española no exterior.
- Os estranxeiros e as estranxeiras con permiso de residencia e de traballo en España que traballen por conta allea na industria ou nos servizos e exerzan a súa actividade en territorio nacional.
- Persoal (funcionario ou laboral) da Administración Local.
- Laicos ou segrares que presten servizos retribuídos en institucións eclesiásticas.
- As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico social.
- Funcionarios e funcionarias en prácticas que aspiren a incorporarse a corpos ou escalas que non estean suxeitos ao réxime de clases pasivas, así como os altos cargos das administracións públicas que non sexan funcionarios; tamén, os funcionarios e as funcionarias de novo ingreso das Comunidades Autónomas.
- Funcionarios e funcionarias transferidas ás Comunidades Autónomas, que ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da Comunidade Autónoma de

---

<sup>3</sup> Pode consultarse a descrición completa de todos os grupos de traballadores e de traballadoras incluídas no Réxime Xeral no proxecto técnico desta estatística, en [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/24-106\\_AfiliacionsASeguridadeSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proxectosTecnicos/24-106_AfiliacionsASeguridadeSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf)

destino; tamén se inclúe o persoal interino ao servizo da Administración de Xustiza.

- Os seguintes Rexímenes Especiais integrados:
  - o Representantes de comercio.
  - o Artistas.
  - o Profesionais taurinos.
- Os seguintes Sistemas Especiais:
  - o Traballadores e traballadoras fixas descontinuas de empresas de estudos de mercado e opinión pública.
  - o Traballadores e traballadoras fixas descontinuas de cines, salas de baile e de festa e discotecas.
  - o Manipulado e empacotado de tomate fresco, realizado por colleiteiros/as exportadores/as.
  - o Servizos extraordinarios de hostalería.
  - o Industria da resina.
  - o Froitas, hortalizas e industria de conservas vexetais.
  - o Agrario: con efecto o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores e as traballadoras do Réxime Especial Agrario (conta allea) inclúense dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social, mediante a creación do Sistema Especial Agrario.
  - o Empregados e empregadas do fogar: desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores e as traballadoras incluídas no Réxime Especial de Empregados/as do Fogar quedan integradas dentro do Réxime Xeral, mediante a creación do Sistema Especial para Empregados/as do Fogar.

Non obstante, e a pesar de formar parte do Réxime Xeral, a efectos desta estatística non se inclúen nin os Sistemas Especiais nin os Rexímenes Especiais.

#### **4. Recollida da información**

A principal fonte de información da que se nutre esta estatística é o ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral que facilita a TXSS ao IGE con carácter trimestral. Trátase dun

ficheiro estatístico, empregado á súa vez por este organismo na publicación dos resultados nacionais e autonómicos<sup>4</sup>.

O período de referencia da información coincide co período de liquidación das cotas, que ten carácter mensual. Agora ben, no Réxime Xeral, o ingreso destas realízase no mes seguinte ao de referencia. Nalgúns casos, pode chegar a producirse un retardo de ata tres meses no pago das cotas respecto ao mes de referencia das liquidacións. Polo tanto, a Seguridade Social non considera "pechado" o mes en estudo ata 4 meses despois deste, para poder incorporar a información transmitida fóra de prazo. Polo tanto, non publica a súa estatística ata que transcorren 4 meses dende o período de referencia da información (por exemplo, os datos referidos a decembro/2023 son difundidos na súa páxina web en abril/2024).

Á súa vez, a TXSS facilita os datos de bases de cotización ao IGE con carácter trimestral, nun único ficheiro que inclúe os tres meses do trimestre en estudo. Esta transmisión realízaa unha vez son difundidos os datos polo Ministerio, isto é, catro meses despois do último mes do trimestre de referencia. En consonancia, no IGE a publicación desta estatística vai ter carácter trimestral (en cada difusión publicaranse datos relativos aos 3 meses do trimestre) e vaise realizar cun retardo de entre 4 e 5 meses respecto ao último mes do trimestre en estudo.

## **5. Variables de clasificación e aspectos metodolóxicos**

A metodoloxía empregada no IGE baséase na establecida pola Seguridade Social na súa publicación, cunha excepción: no seu caso, a clasificación territorial da poboación en estudo ven dada polo lugar de traballo, mentres que na estatística do IGE corresponde co lugar de residencia. De aí que existan pequenas diferenzas nas cifras de cotizantes e base media publicadas polo Ministerio para Galicia e as que derivan da estatística do IGE.

No ficheiro de bases de cotización que facilita a TXSS non figura o concello de residencia da persoa. Este obtense do cruce entre o ficheiro de bases co de afiliacións á Seguridade Social, facilitado tamén pola TXSS ao IGE, neste caso, con carácter mensual.

---

<sup>4</sup> A estatística de bases de cotización que publica o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones pode consultarse na seguinte ligazón:  
<https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/EstadisticasPresupuestosEstudios/Estadisticas/c9bd51e5-79bc-44f2-9618-14d6094eb585>



Para solucionar posibles "erratas" observadas no concello de residencia que figura no ficheiro de afiliacións (que teñen que ver, na meirande parte dos casos, coa falta de actualización desta variable), cada ficheiro de afiliacións crúzase co ficheiro do Padrón Municipal de Habitantes que teña a data de referencia máis próxima ao de afiliacións e que estea dispoñible no momento da difusión da operación.

Nos rexistros do ficheiro de afiliacións correspondentes a persoas que non figuran inscritas no Padrón Municipal de Habitantes de Galicia, o concello de residencia corresponde ao que figura no ficheiro da Seguridade Social .

Como se mencionou anteriormente, nesta estatística vaise difundir información de persoas cotizantes/afiliadas ao Réxime Xeral, non de afiliacións, polo que se van sumar as bases de cotización das distintas afiliacións en vigor para cada persoa no mes de referencia. Coas bases agregadas, calcularase a base media de cotización dividindo o importe total das bases de cotización entre o número total de cotizantes de cada categoría (total, por xénero, grupos de idade, nacionalidade, concello de residencia, etc.). Así mesmo, á hora de difundir resultados relativos ás características laborais (tipo de contrato, tipo de xornada, etc.), estas farán referencia unicamente á afiliación considerada como principal para cada persoa, aínda que a base media neste caso tamén se vai calcular a partir da base total da persoa (sumando as bases de cotización de todas as afiliacións en vigor no mes en estudo, incluídas as non consideradas como principal).

A continuación faise unha pequena descrición das principais variables de clasificación utilizadas na difusión dos resultados:

**Concello de residencia da persoa afiliada:** concello no que figura empadroada a persoa afiliada, segundo o Padrón Municipal de Habitantes do INE; no caso de que a persoa non figure neste rexistro, será o concello de residencia que figura no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

**Grupo de idade:** obtense a partir da data de nacemento que figura no ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social.

**Xénero:** obtense tamén do ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social.

**Nacionalidade:** obtense tamén do ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social.

**Tipo de contrato:** reflicte a modalidade contractual na afiliación principal, segundo figura no ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social; a efectos da difusión, os distintos tipos de contrato agréganse nas categorías indefinido (persoa vinculada á empresa ou entidade por medio dun contrato sen límite de duración), temporal (cun prazo de finalización estipulado) ou sen contrato; neste grupo inclúense os funcionarios e funcionarias, así como persoas asimiladas a estas, o persoal estatutario, as persoas contratadas mediante programas de formación e as prácticas non laborais en empresas.

**Tipo de xornada:** extráese tamén do ficheiro de bases de cotización e clasifica ás persoas cotizantes en función de se traballan a xornada completa (aquela que estipule a empresa ou entidade contratante) ou a xornada parcial (só unha parte desta).

**Grupo de cotización:** identifica categorías profesionais entre os traballadores e as traballadoras por conta allea, en función do nivel de estudos acadado e a profesión desempeñada, co obxecto de limitar as bases de cotización que están obrigadas a ingresar, tanto por arriba como por abaixo (estes limiares para a base de cotización de cada grupo varían de ano en ano); a información recompílase tamén do ficheiro de bases de cotización e os valores que pode tomar esta variable son:

1. Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección
2. Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados
3. Xefes administrativos e de taller
4. Axudantes non titulados
5. Oficiais administrativos
6. Subalternos
7. Auxiliares administrativos
8. Oficiais de primeira e segunda
9. Oficiais de terceira e especialistas
10. Peóns
11. Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional

**Actividade económica:** é o código da actividade (segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE-2009) da afiliación principal no ficheiro de bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social que, á súa vez, é o código da conta de cotización na que figura inscrito o traballador ou a traballadora no mes en estudo.

Publícanse resultados a nivel de sección de actividade (1 dígito da CNAE-2009, nalgúns casos, agrúpanse dúas ou máis seccións para salvagardar o segredo estatístico) por comarcas de residencia.

## **6. Presentación de resultados**

Os resultados desta estatística vanse difundir na web do IGE, no seguinte enderezo:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?codigo=0204033004](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0204033004)

A difusión estrutúrase en dous bloques:

- Cotizantes e base media de cotización por persoa no Réxime Xeral da Seguridade Social segundo o concello/comarca de residencia e as características do/da cotizante, isto é, clasificándoo segundo o xénero, o grupo de idade ou a nacionalidade. Tamén se vai difundir o índice da base media por persoa para cada categoría respecto á media galega, tomando esta o valor 100; así, os subgrupos con valor neste indicador inferior a 100 terán unha base media por persoa inferior á galega e, pola contra, os subgrupos con valor superior a 100 contarán cunha base superior á media de Galicia.
- Cotizantes e base media de cotización por persoa no Réxime Xeral da Seguridade Social segundo a comarca de residencia e as características da afiliación principal: por tipo de contrato e tipo de xornada, sección de actividade económica (segundo a CNAE-2009) ou o grupo de cotización.

A periodicidade da información é mensual e as series de datos comezan en xaneiro/2022.